

INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 14 DE AGOSTO DE 2009 POLA QUE SE APROBA O REGULAMENTO DA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA MEL DE GALICIA E DO SEU CONSELLO REGULADOR.

Esta Secretaría Xeral Técnica, en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto e estrutura

O obxecto desta orde é a modificación do anexo da Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador.

O proxecto de orde estrutúrase nun único artigo e unha disposición derradeira.

2. Marco normativo e competencial

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega no seu artigo 10 establece o procedemento de recoñecemento das denominacións xeográficas, sinalando que a súa solicitude efectuarase ante a consellería competente en razón da natureza do produto de que se trate, da forma que regulamentariamente se estableza. O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, no seu artigo 4, establece que para as posteriores modificacións dos regulamentos, deberase presentar ante a consellería competente en razón á natureza do produto a proposta de modificación sometida a debate e aprobada polo pleno. Esta proposta seguirá os trámites contemplados no devandito artigo para a solicitude de recoñecemento e





precisará de aprobación por orde da persoa titular da consellería competente en materia de agricultura que será publicada no Diario Oficial de Galicia.

O regulamento vixente da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador aprobouse mediante a Orde da Consellería do Medio Rural do 14 de agosto de 2009 (DOG núm. 170, do 31 de agosto de 2009) e posteriormente modificouse a través da Orde do 13 de febreiro de 2017, (DOG núm. 37, do 22.02.2017).

Polo demais, e no que se refire á competencia, de conformidade co disposto no Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 30.1.tres e catro, determina que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 e 13 da Constitución, a competencia exclusiva, en materia de agricultura e gandería e denominacións de orixe en colaboración co Estado. De conformidade co Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, a Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración Pública galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, na forma establecida nese decreto.

3. Tramitación

O expediente relativo ao proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador, está integrado pola seguinte documentación:

- Acordo de inicio da tramitación do anteproxecto de orde, asinado polo Conselleiro do Medio Rural de data 21 de xaneiro de 2022





- Memoria xustificativa asinada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria de 25 de xaneiro de 2022.

- Informe da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico de data 31.01.2022

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta encadrouse no procedemento legal e nas prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

De conformidade co artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería do Medio Rural tivo lugar en data 31.01.2022.

O texto foi publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, en cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e nos artigos 41 e 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Na fase final da tramitación, foi sometido ao informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 20.04.2022

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 14 de agosto de 2009, pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Nicolás Vázquez Iglesias

